



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomear peóns de limpeza de praias para a Campaña de limpeza de praias 2021, subvencionados pola Deputación Provincial da Coruña

Núm. Admvo. Expte.: 2021/E001/000002

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000417

A Deputación Provincial da Coruña concedeu a este concello unha subvención correspondente ao programa MA100: Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021 para a Campaña de Limpeza de praias 2021.

Mediante resolución de Alcaldía núm. 333/2021, de data 16/06/2021 aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación de 5 peóns para a Limpeza de praias marítimas deste Concello, Programa de limpeza de praias da Deputación da Coruña 2021, durante tres meses.

Por Resolución de Alcaldía núm. 368/2020, de data 02/07/2021 aprobouse a lista de admitidos/as e excluídos/a á mencionada convocatoria e convocábase aos aspirantes para a realización da proba da fase de oposición para o día 07/07/2021.

Vista a acta de selección do tribunal reunido do día 07/07/2021 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas ao concurso-oposición para a provisión como persoal laboral temporal de cinco peóns que realizarán tarefas de limpeza nas praias marítimas deste Concello de Laxe, na que propón designar a M^a Isabel Serrapio Amil, Elvira Alborés Pose, Vicente Bello Lema, Rosa Durán Alborés e M^a Mercedes Blanco Martínez como peóns para a limpeza de praias marítimas deste concello, dentro da convocatoria de limpeza de praias da Deputación da Coruña, anualidade 2021.

Na mesma acta e de acordo coas bases de selección, elabórase unha lista de reserva por orde de puntuación total obtida.

Unha vez comprobada a documentación presentada polas persoas aspirantes M^a Isabel Serrapio Amil, Elvira Alborés Pose, Vicente Bello Lema, Rosa Durán Alborés e M^a Mercedes Blanco Martínez establecida na base duodécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta alcaldía

RESOLVO:

Primeiro. Nomear a M^a Isabel Serrapio Amil, Elvira Alborés Pose, Vicente Bello Lema, Rosa Durán Alborés e M^a Mercedes Blanco Martínez como peóns, persoal laboral temporal na Limpeza de praias marítimas deste concello, durante dous meses dende o 16/07/2021 e ata o 15/10/2021, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

Segundo. De acordo coa base 10.5 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García